



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a resolución núm.; 2023-1452, con data de 06/06/2023 pola que aproba o lista de admitidos, órgano de selección e data da hora da proba de selección para a contratación de 10 persoas para o programa denominado/a “REFORZO DE SERVIZOS MUNICIPAIS 2023”, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

A Orde do 9 de xaneiro do 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023, publicouse no *Diario Oficial de Galicia*, núm.: 22, do 01/02/2023.

Esta orde ten por obxecto establecer das bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública das axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral (código de procedemento TR351F), e a aprobación da súa convocatoria para o ano 2023.

O Concello de Redondela presentou, con data de 17/02/2023, a solicitude da subvención para poder contratar a dez persoas traballadoras desempregadas e iniciar este proxecto de posta en marcha, de acordo co previsto no artigo 5.º da antedita orde.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de 164.979,90€ para a contratación de 10 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para a realización do proxecto denominado “REFORZO DE SERVIZOS MUNICIPAIS 2023” durante 9 meses, a tempo parcial (75% da xornada), con data de 09/05/2023 e con rexistro de entrada neste concello núm.: 2023-E-RC-8615, do 11/05/2023, ao abeiro da antedita Orde do 9 de xaneiro do 2023.

Os postos a seleccionar son os seguintes: **10 PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS** (Asimilados a un/ha operario/a do Concello de Redondela, equiparado ao grupo da disposición adicional 6.ª do EBEP, grupo cotización 10).





CONCELLO DE REDONDELA

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-1229, con data de 16/05/2023, pola que aprobou as bases que rexen a contratación de 10 traballadores/as (**10 Peóns de obras e servizos**) para a realización da obra ou servizo denominado/a “REFORZO DE SERVIZOS MUNICIPAIS 2023”.

O Concello de Redondela presentou a correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia o día 16/05/2023. A Oficina de Emprego de Redondela remitiu os resultados da selección das persoas candidatas segundo a categoría solicitada con data de 18/05/2023, 19/05/2023, 29/05/2023 e 30/05/2023.

As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitiu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación no proceso para o que foron preseleccionadas.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso selectivo que se aprobaron con data de 16/05/2023, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección para a contratación de **10 OPERARIOS/AS (PEÓNS OBRAS E SERVIZOS)**, ás seguintes persoas aspirantes:

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALFAYA PEDREIRA, DIONISIO	*****628-D
2	BARRUL JIMÉNEZ, JENIFER	*****955-Y
3	COLLAZO SOTELINO, JOSÉ CARLOS	*****979-L
4	DÍAZ MÍGUEZ, JOSÉ CARLOS	*****222-R
5	DIEGUEZ ALONSO, CARMEN	*****473-H
6	FERNÁNDEZ GARCÍA, JOSÉ MANUEL	*****431-X
7	FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MARÍA REYES	*****359-M
8	FERREIRA SILVA, MAIKELL	*****759-E





9	FILGUEIRA BARREIRO, MARÍA DEL PILAR	*****932-B
10	GABARRES CONCHADO, AMANDA	*****882-K
11	GONZÁLEZ BLANCO, SUSANA	*****262-Q
12	MOUKHLISSI, FATNA	*****791-F
13	PRIETO DEL RÍO, GUILLERMO	*****252-N
14	RIVEIRO NIETO, LEOPOLDO	*****668-S
15	RODRÍGUEZ CARRERA, MARÍA VERÓNICA	*****792-B
16	RODRÍGUEZ CERVIÑO, MARIA MERCEDES	*****899-L
17	SALAS DE HERNÁNDEZ, LENNY CAROLINA	*****525-C
18	SÁNCHEZ FERRADÁNS, AGUSTINA	*****553-X
19	SILVA FERREIRA, ANA MARÍA	*****230-R

* Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación. Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada, xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións.





CONCELLO DE REDONDELA

De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal de **10 OPERARIOS/AS (PEÓN S OBRAS E SERVIZOS)**, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Fernando Covelo Rodríguez

Suplente: Juan Ángel González Camiña

VOGAIS:

Titular: Jesús Pazos Zabaleta

Suplente: Eduardo Manuel Silva Campos

Titular: Alejandra Fernández Conde

Suplente: Andrés Campelos Barciela

Titular: Rosalía Castro Sabugueiro

Suplente: José Carlos García Taibo

SECRETARIA:

Titular: M.^a Jesús Alonso Comesaña

Suplente: María Lourdes Fernández Arines

TERCEIRO: A constitución do órgano de selección terá lugar o:

DÍA: 09/06/2023

HORA: 08:00 horas

LUGAR: Na casa do Concello.

CUARTO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da proba práctica da fase da oposición o:





CONCELLO DE REDONDELA

DÍA: 09/06/2023

HORA: 9:00 horas

LUGAR: No Pavillón Municipal de Redondela, sito no Paseo do Pexeguiro núm. 4, Redondela.

QUINTO: Publicar esta resolución na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal, apartado de emprego público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 7SERAQSS64JDW5XYQ25T63FM
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

